

LIBROS

Vicente Araguas



LIBUNCA NA BRÉTEMA

L

ibunca é, a parte do nome dun club de fútbol modesto da bisbarra ferrolá, un estado de ánimo. Isto xa o dicía Amiel da paisaxe (e Lawrence Ferlinghetti facía o propio con Coney Island nun marabilloso poema), amplián-

do unha idea magnificada por Goethe en "Werther". E penso que Libunca é un estado anímico, utopia ou bagatela porque -de entrada- para uns está nun sitio diferente ao imaxinado por outros; no plano que precede o "Viaxe a Libunca" (Editorial Galaxia, Vigo, 2007), de Antonio Yáñez, máis perto de Ferrol que de Xuvia, onde -no periquito do Coto de Anecos- temos ubicado a mítica cidade desde (sospeito) os tempos románticos. Que foi cando todas estas mitificacións saíron á luz. Entre nós tería sido Benito Vicetto, traballador na Fabrica de Xuvia, por certo, un dos mellores propagandistas de

toda a parafernalia lendaria. Que agora recolle Antonio Yáñez (Ferrol, 1959), nun libro cheo de fascínios e engados, escrito por un home que a maior abundamento é dono dunha linguaxe ricaz e fértil. O que non é nada obvio cando falamos dunha literatura que ten que loitar porque o idioma que a sustenta non se venía abaixo, nin sequera derrotado, senón simplemente arruinado (feito ruín, pois) por outro idioma que non fai outra cousa que vampirizalo (ou eucalitizalo, valla o neoloxismo).

Antonio Yáñez, así as cousas, anda a dirixirse a un público xuvenil; non termina de gustarme a clasificación, por imprecisa, mais escé o xénero por onde rulan (e rolan) os diferentes premios acadados por este autor, que se move entre Ferrol e Carino. Premios como o Merlin, do que foi finalista, ou o Rainha Lupa, finalista e ganador da VI Edición con "Viaxe a Libunca", que leo co meirande interese, tan lonxe eu da etiqueta xuvenil, porque non acredito nos límites de idade para a lectura, mais tamén pola razón de que Yáñez é autor que enguedella aos lectores con moi boas artes. Despregadas neste caso ao longo dunha novela de iniciación, ou "bildungsroman", por dicilo con palabra te-



Viaxe a Libunca

LIBUNCA

deseo moi excitado, onde os niños de pa-xara, como ten reflectido Seamus Heaney ao falar da súa poesía, representan moi simbolicamente outra caste de acougo. E non é que Yáñez empregue metáforas ornitolóxicas, que o seu é un mun-

do aventureiro, polo que vai esvarando toda unha parafernalia "on the road", con maneiras paramedievais, cando todo estaba en marcha, e Valverde ou -de novo- Libunca eran fites dunha bisbarra, a de Ferrol, cargada de lendas e contos, que chegaron a nós, glorificados, a través dunha peneira ou filtro romántico.

Antonio Yáñez artella todo isto con maneiras sabias, vontade de estilo e un léxico riquísimo que presta moito a un padal esixente, un pouco derramado polo idioma tan pobre que andamos a ler nos últimos tempos. Certo que iso tamén acontece coa literatura española, o que -sen dúbida- non deixa de ser un ruín consolo, e en todo caso baralla que deberá ter outros valedores, que nós abondo temos con esta.

"Un libro cheo de fascínios e engados, escrito por un home que é dono dunha linguaxe ricaz e fértil"